



ANTIGAS FERRAMENTAS PARA CORTAR E ROZAR

Hai diferentes tipos de podóns, fouces, brosos, brosas... que dun xeito ou doutro, se usan para **apañar a herba, rozalas silvas, cortala madeira, etc.**

Para a madeira


Aixola (axola): ferramenta corrente ata non hai moitos anos, e agora desaparecida. Conta con dous cortes ou "bocas" en sentido horizontal, unha ancha e a outra estreita. Con ela rebáixanse superficies planas, táboas, etc.

Brosa: a machada é unha ferramenta de moito uso, en particular dende que se deixou de usala aixola. Diferénciase dela en que ten o corte vertical.

Broso: o mesmo que a machada, o machado úsase para partir e rachar leña, talar árbores, etc.

Broso de cresta: machado de dobre folla. Emprégase sobre todo para talar árbores. Deixouse de usar.

Para rozar



Exemplos de podóns de mango curto

Podón de mango curto: para cortar xestas, estrume, etc. Diferénciase do de mango longo porque a parte metálica vai espetada na madeira do mango feito case sempre de abraira. Nalgunhas zonas de montaña lucense, ata a década dos anos cincuenta, un destes podóns poñíanllo sobre o peito ós defuntos pois, segundo dicían, así non pudrían tan axiña, xa que botaban no hórreo catro ou cinco días antes de enterralos.

Podón de mango longo (podón, fouce para as silvas): Para rozala silvas das sebes, toxos grandes, etc. O mango, duns 130 cms., aproximadamente, case sempre é de abraira, e vai embutido o podón, que pode andar preto dos 40 cm.

Para a herba, centeo, trigo...

Fouciño (foucín, fouzo): con el ségase o centeo, o trigo, a cebada...

Gadaña: moi común en toda a provincia de Lugo e resto de Galicia. En moi raras ocasións levaba un pequeno angazo para xuntala herba.

Un complemento da gadaña é o **cornu** ou **canadela** na que vai a pedra de afiar. A finalidade do cornu era proporcionar ao segador un acceso rápido e cómodo á pedra de afiar, á que se recorría de forma continua para manter o corte da gadaña en perfecto estado de uso.



Os cornos tiñan unha pequena asa que permitía levarlos colgados na cintura. A pedra ía somerxida parcialmente en auga, de modo que sempre se mantiña húmida, garantindo a súa eficacia. O cornu enchíase de herba para evitar folguras e evitar que a pedra golpeará as paredes do recipiente. Moitos cornos decorábanse ou marcábanse como signo de propiedade.

Exemplos de cornos decorados

